



ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o xoves 11 de setembro do 2025, aprobou as bases da convocatoria para as axudas económicas municipais de apoio ao pagamento dos gastos de consumo enerxético e da vivenda habitual que se publican a continuación:

AXUDAS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE APOIO AO PAGAMENTO DOS GASTOS DE CONSUMO ENERXÉTICO E DA VIVENDA HABITUAL.

Primeiro. *Obxecto.*

As consecuencias socioeconómicas da actual crise distribúense de forma desigual na poboación, aumentando os niveis de pobreza e exclusión social de aqueles colectivos máis vulnerables.

Para facer fronte ás consecuencias da crise e a paliar o seu impacto económico e social, esta convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas económicas de apoio ao pagamento dos gastos de consumo enerxético e da vivenda habitual ás familias máis vulnerables do Concello de Bergondo.

Segundo. *Requisitos das persoas beneficiarias.*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas maiores de idade que na data da presentación da solicitude cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou residir legalmente en España, no caso das persoas estranxeiras.
- b) Ser titulares, en condición de persoa inquilina dun contrato de alugamento ou dun préstamo hipotecario dunha vivenda situada no Concello de Bergondo.
- c) Que a vivenda constitúa a súa residencia habitual, así como da súa unidade de convivencia. Para estes efectos, tanto a persoa beneficiaria como as demais persoas integrantes deben constar empadroadas na vivenda cunha antigüidade mínima de seis meses.

Nos casos nos que se evidencie que na vivenda residen máis persoas aínda sen figurar empadroadas, requiriráselles a estas a documentación relativa á situación económica e computará xunto cos ingresos da unidade de convivencia.

- d) Estar en situación de vulnerabilidade económica considerando isto cando o conxunto dos ingresos do ano 2024 dos membros da unidade de convivencia non superen, con carácter xeral 2 anualidades do IPREM vixente (16.800€)

Este límite ampliarase a 3 anualidades do IPREM vixente (25.200€) no caso de grupos de familias de especial consideración: familias numerosas, familias monoparentais, familias con persoas maiores ao cargo, familias con persoas con discapacidade ao cargo, familias acolledoras e familias vítimas de violencia de xénero.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Os ingresos da unidade de convivencia calcularanse sumando a base impositible xeral e do aforro da declaración da renda das persoas físicas do ano 2024 de todos os membros da unidade de convivencia.

Con carácter excepcional, as persoas familias que reducen os ingresos en máis dun 50%, poderán solicitar que se teña en conta a súa situación económica actual.

2. Non poderá concederse a axuda cando a persoa solicitante ou algunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia se atope nalgunha das situacións que a continuación se indican:

a) Ser propietario ou usufrutuário dalgunha vivenda en España no caso de solicitar a axuda ao alugamento e dunha segunda vivenda no caso de optar pola axuda ao préstamo hipotecario. Para estes efectos, non se considerará que se posúe a propiedade ou o usufruto dunha vivenda se o dereito recae unicamente sobre unha parte proporcional desta e foi obtido por herdanza ou transmisión mortis causa sen testamento. Exceptuaranse deste requisito tamén ás persoas que, sendo titulares dunha vivenda, acrediten a non dispoñibilidade dela por causa de separación, divorcio ou por calquera outra causa allea á súa vontade ou cando a vivenda resulte inhabitable ou inaccesible por razón de discapacidade da persoa solicitante ou dalgún membro da súa unidade familiar.

b) No caso de solicitar a axuda ao alugamento, ter parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade coa persoa que teña a condición de arrendador da vivenda.

Terceiro. *Contías e límite das axudas.*

1. Axudas ao pagamento da vivenda habitual; a contía desta axuda será de ata 300 euros mensuais sen que en ningún caso poida exceder do importe mensual da renda do contrato ou do préstamo hipotecario.

A axuda concederáse nun máximo de tres mensualidades do ano 2025.

2. Axudas aos gastos de consumo enerxético; a contía desta axuda será de ata 400 euros. A axuda concederáse nun máximo de catro facturas referidas ao consumo do ano 2025.

3. Ambas as dúas axudas son compatibles entre si.

4. No caso de esgotarse o crédito, a prioridade de concesión e/ou da fixación da contía determinarase en función do menor resultado de aplicar a seguinte fórmula: ingresos da unidade de convivencia / contía límite de ingresos da unidade de convivencia.

Cuarto. *Forma e lugar e prazo de presentación de solicitudes.*

1. Solicitudes:

As solicitudes segundo o modelo oficial presentarase preferentemente de forma telemática a través da Sede electrónica municipal.

Para a vía presencial recoméndase cita previa chamando ao Rexistro municipal no 981791252 Ext. 2 en horario de 09,00h a 14,30h ou a través do enderezo electrónico cita.previa@bergondo.gal.



2. Documentación que se deberá achegar:

- Solicitud: Anexo
- Fotocopia do D.N.I. da persoa que presenta a solicitude e figura como titular do contrato de alugamento ou do préstamo hipotecario.
- Fotocopia do contrato de alugamento ou fotocopia do préstamo hipotecario segundo o caso.
- Fotocopia da Declaración da Renda das Persoas Físicas correspondente o exercicio 2024.
- Certificado de conta bancaria da que a persoa solicitante sexa titular.
- Xustificación bancaria do pagamento do alugueiro ou o préstamo hipotecario referido ás mensualidades para as que se solicita a axuda. No caso de que o xustificante sexa un recibo deberán constar, como mínimo, os seguintes datos; datos identificadores da persoa arrendadora, datos identificadores da persoa inquilina, identificación da vivenda, contía abonada, mes ao que se refire o pagamento e referencia expresa a que a mensuralidade está pagada.
- Xustificación do pagamento das facturas de consumo enerxético para as que se solicita a axuda.
- De ser o caso, xustificación da redución de ingresos en máis dun 50%.
- De non autorizar á consulta, xustificante de empadramento colectivo.
- Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra integrante da súa unidade de convivencia é propietaria ou usufrutuaria dalgunha vivenda en España no caso de solicitar a axuda ao alugamento e dunha segunda vivenda no caso de optar pola axuda ao préstamo hipotecario.
- Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra integrante da súa unidade de convivencia ten parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade coa persoa que teña a condición de arrendador da vivenda.
- Declaración responsable de que todos os datos da solicitude son certos.
- Calquera outra documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos.

3. Prazo de presentación:

O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia ata o 31 de outubro do 2025.

Quinto. *Procedemento de concesión e requirimentos de emenda. Resolución.*

1. Se a solicitude presentada non reunise os requisitos esixidos, requirirase a persoa solicitante para que no prazo de dez días hábiles a emende ou achegue os documentos preceptivos, advertíndoa de que, no caso de non atender o requirimento, se considerará que desiste da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a persoa solicitante poderá ser requirida para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. A resolución estimará, desestimaré ou declarará a inadmisión da axuda ao pagamento da vivenda habitual e das facturas de enerxía eléctrica e/ou térmica. A resolución de concesión indicará a contía da axuda e as mensualidades e/ou número de facturas subvencionadas.

Sexto. *Pago e xustificación das axudas.*



Tendo en conta o carácter retroactivo da convocatoria, a xustificación deberase presentar xunto coa solicitude.

O pago da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta indicada pola persoa solicitante e titular do contrato de alugamento ou do préstamo hipotecario.

AYUDAS ECONÓMICAS MUNICIPALES DE APOYO AL PAGO DE LOS GASTOS DE CONSUMO ENERGÉTICO Y DE LA VIVIENDA HABITUAL.

Primero. Objeto.

Las consecuencias socioeconómicas de la actual crisis se distribuyen de forma desigual en la población, aumentando los niveles de pobreza y exclusión social de aquellos colectivos más vulnerables.

Para hacer frente a las consecuencias de la crisis y a paliar su impacto económico y social, esta convocatoria tiene por objeto la concesión de ayudas económicas de apoyo a los pago de los gastos de consumo energético y de la vivienda habitual a las familias más vulnerables del Ayuntamiento de Bergondo.

Segundo. Requisitos de las personas beneficiarias.

1. Podrán ser beneficiarias de estas ayudas las personas físicas mayores de edad que en la fecha de la presentación de la solicitud cumplan los siguientes requisitos:

- a) Tener la nacionalidad española o residir legalmente en España, en el caso de las personas extranjeras.
- b) Ser titulares, en condición de persona inquilina de un contrato de alquiler o de un préstamo hipotecario de una vivienda ubicada en el Ayuntamiento de Bergondo.
- c) Que la vivienda constituya su residencia habitual, así como de su unidad de convivencia. Para estos efectos, tanto la persona beneficiaria como las demás personas integrantes deben constar empadronadas en la vivienda con una antigüedad mínima de seis meses.

En los casos en los que se evidencie que en la vivienda residen más personas aún sin figurar empadronadas, se les requerirá a estas la documentación relativa a la situación económica y computará junto con los ingresos de la unidad de convivencia.

d) Estar en situación de vulnerabilidad económica considerando esto cuando el conjunto de los ingresos del año 2024 de los miembros de la unidad de convivencia no superen, con carácter general 2 anualidades del IPREM vigente (16.800€)

Este límite se ampliará la 3 anualidades del IPREM vigente (25.200€) en el caso de grupos de familias de especial consideración: familias numerosas, familias monoparentales, familias con personas mayores al cargo, familias con personas con discapacidad al cargo, familias acogedoras y familias víctimas de violencia de género.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Los ingresos de la unidad de convivencia se calcularán sumando la base imponible general y del ahorro de la declaración de la renta de las personas físicas del año 2024 de todos los miembros de la unidad de convivencia.

Con carácter excepcional, las personas familias que redujeran los ingresos en más de un 50%, podrán solicitar que se tenga en cuenta su situación económica actual.

2. No podrá concederse la ayuda cuando la persona solicitante o alguna de las personas integrantes de su unidad de convivencia se encuentre en alguna de las situaciones que a continuación se indican:

a) Ser propietario o usufructuario de alguna vivienda en España en el caso de solicitar la ayuda al alquiler y de una segunda vivienda en el caso de optar por la ayuda al préstamo hipotecario. Para estos efectos, no se considerará que se posee la propiedad o el usufructo de una vivienda si el derecho recae únicamente sobre una parte proporcional de esta y fue obtenido por herencia o transmisión mortis causa sin testamento. Se exceptuarán de este requisito también a las personas que, siendo titulares de una vivienda, acrediten a no disponibilidad de ella por causa de separación, divorcio o por cualquier otra causa ajena a la suya voluntad o cuando la vivienda resulte inhabitable o inaccesible por razón de discapacidad de la persona solicitante o de algún miembro de su unidad familiar.

b) En el caso de solicitar la ayuda al alquiler, tener parentesco en primero o segundo grado de consanguinidad o de afinidad con la persona que tenga la condición de arrendador de la vivienda.

Tercero. *Cuantías y límite de las ayudas.*

1. Ayudas al pago de la vivienda habitual; la cuantía de esta ayuda será de hasta 300 euros mensuales sin que en ningún caso pueda exceder del importe mensual de la renta del contrato o del préstamo hipotecario. La ayuda se concederá en un máximo de tres mensualidades del año 2025.

2. Ayudas a los gastos de consumo energético; la cuantía de esta ayuda será de hasta 400 euros. La ayuda se concederá en un máximo de cuatro facturas referidas al consumo del año 2025.

3. Ambas dos ayudas son compatibles entre sí.

4. En el caso de agotarse el crédito, la prioridad de concesión y/o de la fijación de la cuantía se determinará en función del menor resultado de aplicar la siguiente fórmula: ingresos de la unidad de convivencia / cuantía límite de ingresos de la unidad de convivencia.

Cuarto. *Forma y lugar y plazo de presentación de solicitudes.*

1. Solicitudes:

Las solicitudes según el modelo oficial se presentarán preferentemente de forma telemática a través de la Sede electrónica municipal.

Para la vía presencial se recomienda cita previa llamando al Registro municipal en el 981791252 Ext. 2 en horario de 09,00h la 14,30h o a través de la dirección electrónica cita.previa@bergondo.gal.



2. Documentación que se deberá aportar:

- Solicitud: Anexo
- Fotocopia del D.N.I. de la persona que presenta la solicitud y figura como titular del contrato de alquiler o del préstamo hipotecario.
- Fotocopia del contrato de alquiler o fotocopia del préstamo hipotecario según el caso.
- Fotocopia de la Declaración de la Renta de las Personas Físicas correspondiente el ejercicio 2024.
- Certificado de cuenta bancaria de la que la persona solicitante sea titular.
- Justificación bancaria del pago del alquiler o el préstamo hipotecario referido a las mensualidades para las que se solicita la ayuda. En caso de que el justificante sea un recibo deberán constar, como mínimo, los siguientes datos; datos identificadores de la persona arrendadora, datos identificadores de la persona inquilina, identificación de la vivienda, cuantía abonada, mes a lo que se refiere el pago y referencia expresa a que la mensualidad está pagada.
- Justificación del pago de las facturas de consumo energético para las que se solicita la ayuda.
- De ser el caso, justificación de la reducción de ingresos en más de un 50%.
- De no autorizar a la consulta, justificante de empadronamiento colectivo.
- Declaración responsable de que ni la persona solicitante ni ninguna otra integrante de su unidad de convivencia es propietaria o usufructuaria de alguna vivienda en España en el caso de solicitar la ayuda al alquiler y de una segunda vivienda en el caso de optar por la ayuda al préstamo hipotecario.
- Declaración responsable de que ni la persona solicitante ni ninguna otra integrante de su unidad de convivencia tiene parentesco en primero o segundo grado de consanguinidad o de afinidad con la persona que tenga la condición de arrendador de la vivienda.
- Declaración responsable de que todos los datos de la solicitud son ciertos.
- Cualquier otra documentación necesaria para acreditar el cumplimiento de los requisitos establecidos.

3. Plazo de presentación:

El plazo de presentación de solicitudes será desde el día siguiente la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia hasta 31 de octubre del 2025.

Quinto. *Procedimiento de concesión y requerimientos de enmienda. Resolución.*

1. Si la solicitud presentada no reuniera los requisitos exigidos, se requerirá la persona solicitante para que en el plazo de diez días hábiles la enmiende o aporte los documentos preceptivos, advirtiéndola de que, en el caso de no atender el requerimiento, si considerará que desiste de su petición, de acuerdo con el establecido en el artículo 68 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre.
2. Sin perjuicio de lo dispuesto en el punto anterior, la persona solicitante podrá ser requerida para que aporte cuantos datos, documentos complementarios y aclaraciones resulten necesarios para la tramitación y resolución del procedimiento.
3. La resolución estimará, desestimaré o declarará la inadmisión de la ayuda al pago de la vivienda habitual y de las facturas de energía eléctrica y/o térmica. La resolución de concesión indicará la cuantía de la ayuda y las mensualidades y/o número de facturas subvencionadas.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Sexto. *Pago y justificación de las ayudas.*

Teniendo en cuenta el carácter retroactivo de la convocatoria, la justificación se deberá presentar junto con la solicitud.

El pago de la subvención se realizará mediante transferencia bancaria a la cuenta indicada por la persona solicitante y titular del contrato de alquiler o del préstamo hipotecario.

En Bergondo, a 11 de setembro do 2025

A alcaldesa, Alejandra Pérez Máquez»



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33



Axudas económicas municipais de apoio ao pagamento dos gastos de consumo enerxético e da vivenda habitual

Solicitude: Anexo

Datos relativos á persoa solicitante			
Apelidos e nome			NIF
Enderezo (Rúa, Praza ou lugar; Núm.; Portal; Escaleira; Andar; Porta (*))			
Código postal (*)	Poboación (*)	Concello (*)	Teléfono
Datos relativos á persoa representante			
Apelidos e nome			NIF
Enderezo (Rúa, Praza ou lugar; Núm.; Portal; Escaleira; Andar; Porta (*))			
Código postal (*)	Poboación (*)	Concello (*)	Teléfono
Medio preferente de notificación			
☐ Postal ☐ Telemática		Correo electrónico * (ver pé de páxina)	

Axuda/s á/s que opta:

☐ Alugamento

☐ Préstamo hipotecario

☐ Facturas enerxía eléctrica

☐ Facturas enerxía térmica

A persoa interesada ou representante declara:

- Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra integrante da súa unidade de convivencia é propietaria ou usufrutuaria dalgunha vivenda en España no caso de solicitar a axuda ao alugamento e dunha segunda vivenda no caso de optar pola axuda ao préstamo hipotecario.
- Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra integrante da súa unidade de convivencia ten parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade coa persoa que teña a condición de arrendador da vivenda.
- Que todos os datos da solicitude son certos.

* No caso de indicar como medio de notificación o telemática o Concello de Bergondo utilizará a plataforma Notifica.gal para as súas comunicacións electrónicas coa persoa interesada, á que deberá acceder para obter a notificación, autorizando a que o Concello, no caso de que non estea dado de alta, proceda á súa alta. A plataforma Notifica.gal remitirá os avisos de posta a disposición das notificacións ao correo electrónico que se indique na solicitude. Se se poderá acceder á notificación cun certificado electrónico ou con Chave 365. De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmaselle que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente rexistro de actividades de tratamento da área/departamento á cal vaia dirixida a presente solicitude. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art.6.1 e) do REXPD: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello e, os datos persoais que nos proporciona mediante este documento, conservaranse durante o prazo necesario para o cumprimento das obrigacións legais que derivan do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Bergondo con dirección en Estrada A Coruña 12, 15165 Bergondo (A Coruña). Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@bergondo.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello <http://bergondo.gal/memu-pie/politica-de-privacidad/>.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Axudas económicas municipais de apoio ao pagamento dos gastos de consumo enerxético e da vivenda habitual

Solicitude: Anexo

Documentación que achega:

- ☐ Solicitude: Anexo
- ☐ Fotocopia do D.N.I. da persoa que presenta a solicitude e figura como titular do contrato de alugamento ou do préstamo hipotecario.
- ☐ Fotocopia do contrato de alugamento ou fotocopia do préstamo hipotecario segundo o caso.
- ☐ Fotocopia da Declaración da Renda das Persoas Físicas correspondente o exercicio 2024.
- ☐ Certificado de conta bancaria da que a persoa solicitante sexa titular.
- ☐ Xustificación bancaria do pagamento do alugueiro ou o préstamo hipotecario referido ás mensualidades para as que se solicita a axuda. No caso de que o xustificante sexa un recibo deberán constar, como mínimo, os seguintes datos; datos identificadores da persoa arrendadora, datos identificadores da persoa inquilina, identificación da vivenda, contía abonada, mes ao que se refire o pagamento e referencia expresa a que a mensalidade está pagada.
- ☐ Xustificación do pagamento das facturas de consumo enerxético para as que se solicita a axuda.
- ☐ De ser o caso, xustificación da redución de ingresos en máis dun 50%.
- ☐ De non autorizar á consulta, xustificante de empadramento colectivo.
- ☐ Calquera outra documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos.

Bergondo, de do 2025

Sinatura da persoa solicitante e/ou representante

* No caso de indicar como medio de notificación o telemático o Concello de Bergondo utilizará a plataforma Notifica.gal para as súas comunicacións electrónicas coa persoa interesada, á que deberá acceder para obter a notificación, autorizando a que o Concello, no caso de que non estea dado de alta, proceda a súa alta. A plataforma Notifica.gal remitirá os avisos de posta a disposición das notificacións ao correo electrónico que se indique na solicitude. Se se poderá acceder á notificación cun certificado electrónico ou con Chave 365.
De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), informaselle que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente rexistro de actividades de tratamento da área/departamento á cal vaia dirixida a presente solicitude. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as existenciais establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art.6.1 e) do REXPD, "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello e, os datos persoais que nos proporciona mediante este documento, conservaranse durante o prazo necesario para o cumprimento das obrigacións legais que derivan do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Bergondo con dirección en Estrada A Coruña 12, 15165 Bergondo (A Coruña). Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpsl@bergondo.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello <http://bergondo.gal/menu-pie/politica-de-privacidad/>.